

## REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS

ACTA Nº1\_2026

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

#### XUNTA PTXAS

**Xerenta:**

Yolanda T. Lesmes Romero

Carlos Mollinedo Lois (CIG) Presidente

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

**Vicexerenta de Recursos Humanos:**

Noemi Sirera Diéguez

Rafael Ameneiro Bravo (CIG)

Luis Pita Carballo (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Berta Covelo Rodríguez (CCOO)

**Director de Área:**

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Patricia Sío Bacelo (CCOO)

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

M<sup>a</sup> del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Alejandro Martínez Gómez (FOL)

Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL)

Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 12:00h horas, do 04 de febreiro de 2026, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

#### ORDE DO DÍA:

- 1 Aprobación da acta da sesión anterior do 28 de novembro.
- 2 Informe da Xerencia.
- 3 Presentación da proposta de estrutura orgánica de ATIC.
- 4 Listas de agarda:
  - Escala de Axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, subescala Bibliotecas, subgrupo a2.

- Escala de Auxiliares administrativos, subescala Administración, subgrupo c2.
  - Escala de Auxiliares técnico de servizos Xerais, subescala Conserxería, subgrupo c2.
  - Escala Técnico especialista apoio á docencia e investigación, subescala Animalario, subgrupo c1.
  - Escala técnica media de apoio a docencia e investigación, subescala Máquinas e Ferramentas, subgrupo C1.
- 5 Solicitud de dotación de Técnico especialista de laboratorio. Especialidade electricidade para a Escola Técnica de Enxeñería Industrial.
  - 6 Determinación da ponderación do baremo de méritos da Convocatoria dos procesos selectivos para a execución das OEP 2023 e 2024.
  - 7 Acordo de elevación a categoría de regulamento do Acordo de data 24 de maio de 2024 entre a Comisión Unitaria de negociación do PAS e a Xerencia sobre a provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de promoción interna.
  - 8 Rolda de intervencións.

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior do 28 de novembro de 2025

Non constan alegacións polo que se aproba por unanimidade.

### 2. Informe da Xerencia.

A xerenta relaciona todos as ordes de contratación que se enviaron ao Servizo de durante o mes de xaneiro e que nos vindeiros días figurarán publicados na web.

Patricia Sío di que o posto que se vai encargar dos asuntos económicos no Servizo de RHI non pode ser un posto base. Entenden que dado a complexidade do posto non pode chamarse a unha persoa da lista de agarda sen experiencia que ademais van ter que formar os propios compañeiros.

A xerenta responde que nestes momentos está prevista a contratación dun posto de apoio para as tarefas do servizo. Coa xefatura de Sección de xestión da investigación e desenvolvemento profesional de RRHH de investigación non está previsto crear ningún posto de estrutura ata que se vexa o verdadeiro calado do posto, en cuxo caso se podería modificar a RPT.

Carlos Mollinedo pide novamente que se lles envíen os datos das contratacións, comisións de servizos, baixas por IT etc, xa que non están a recibir esa información.

A Xerenta indica que as contratacións que acaba de expoñer publicaranse na web nuns días e achegaráselles o enlace para que poidan velas. En canto ao seguimento das IT, están ultimando os detalles cos servizos informáticos para poder enviárllelos, así como as prazas vacantes.

O presidente da Xunta PTXAS mostra o seu malestar polo xeito de como se cubriu o posto da administradora do ámbito científico. Non lle parece axeitado que teñan que decatarse por terceiras persoas de que se fixo unha encomenda de xestión no director do CAI.

A xerenta responde que non tivo intención de ocultar ningunha información. Explica que se publicou en dúas ocasión a posibilidade de cubrir o posto en comisión de servizos e que en ningunha das dúas ocasións se recibiron solicitudes. Considerouse que unha comisión de servizos forzosa era unha opción moi pouco axeitada porque supón obrigar a alguén a ocupar un posto que non desexa ademais de quedar diminuído os recursos do servizo ou unidade no que está traballando. Outra opción tamén desbotada foi a de encomendar esas funcións a outro administrador ou xefe de servizo coa sobrecarga de traballo que iso leva consigo. En definitiva, entendeuse, como a mellor das opcións, que unha encomenda de xestión nesta persoa en particular axudaría a servir de interlocutor entre a xerencia e o ámbito.

O Presidente da Xunta PTXAS di que a Xunta PTXAS non foi informada de nada nin consultada. Non sabían que non se presentara ninguén, nin sequera coñecen a resolución pola que se encomenda a xestión a persoa afectada. A cobertura dun posto nivel A1/A2 de nivel 28 xera suspicacias e polo tanto piden explicacións, xa que faltou información e consenso.

A xerenta explica que unha comisión de servizos forzosa está limitada no tempo por un máximo de 3 meses, o cal non arranxa o problema debido a que esta circunstancia se vai estender por máis tempo.

Carmen Veleiro pide que se lles explique esta figura porque lle parece un desprezo á Xunta PTXAS dado que se tiveron que decatar polo persoal do ámbito e non pola xerencia.

Alejandro Martínez pide que se lles explique que é iso dun interlocutor e esixe que a resolución pola que se encomenda a xestión do ámbito indique as bases legais en que se basea, ademais de que está feita á marxe do Servizo de PAS. Parécelle un escándalo que un técnico de Microscopía Electrónica se encargue das tarefas administrativas.

José Manuel García Eirín pide que se lles envíe o documento da encomenda de xestión.

A xerenta entende o descontento e a protesta por non telos informado previamente e indica que, como non ten nada que ocultar, enviará a resolución sen ningún problema. Quere deixar claro que en ningún momento se vulnerou o dereito de ningún funcionario dado que, logo da publicación para cobertura do posto, non concorreu ninguén. Polo tanto, esta xerencia, no ámbito das súas potestades de organización e dirección, decidiu que había necesidade de que houbera unha persoa que puidese interlocutar cos xefes de área.

Carmen Veleiro pregunta porque non se tivo en conta a figura da atribución de funcións que se recolle no Acordo de Comisión de Servizos. Pide que se analice esta posibilidade para que os xefes de área, dado que son válidos para realizar o traballo, poidan ser remunerados por elo. A resolución de 2010 reconece que os xefes de área poden realizar funcións de categoría superior pero non lles reconece retribucións, o cal poida que sirva para unha baixa duns días pero non para unha baixa de longa duración como se prevé que vai ser esta.

A xerenta responde que analizará a proposta e lles trasladará unha resposta, pero faría falta ter un administrador ao fronte do ámbito.

### **3. Presentación da proposta de estrutura orgánica de ATIC.**

A Xerenta informa de que o Plan Experimental de Teletraballo de ATIC foi prorrogado 6 meses logo do informe favorable do Director ATIC. Ao final desta prórroga farase unha valoración para ver se se consolida ou non.

Expón a proposta de estrutura da nova área TIC. En resumo, proponse 1 dirección ATIC A1 N28, 4 subdireccións A1 N27, 8 Xefaturas de Sección A1 N25, 5 Analistas A1 N24, 1 Técnico de Teledocencia A1 Nivel 24, 2 Xefaturas de Área A2/C1 N22, 4 Xestores Informáticos N21 A2/C1 e 20 Técnicos Informáticos A2/C1 N 21. O custe total achégase case a 50.000€.

José M García Eirín pregunta polo posto de telefonista, que non a ve reflectida na táboa.

A xerenta di que é un erro e que efectivamente se engadirá á táboa.

Ignacio Nogueira pregunta que vai pasar se ninguén quere asumir as xefaturas de sección dado que poida que non lles compense o aumento salarial coa carga de traballo que leva consigo o posto. O CPT que teñen asignado, se aceptan o novo posto van a perdelo.

A xerenta afirma que efectivamente o CPT absórvese, así se reflicte no Acordo de funcionarización. Quere deixar claro que é consciente que ATIC necesita máis persoal, pero o primeiro paso é partir dunha estrutura definida.

Alejandro Martínez non entende que neste momento, ás portas dunhas eleccións, se propoña modificar a RPT de ATIC. Entende totalmente a necesidade dunha estrutura da Área ATIC pero

non ve unha estratexia nesta área medular da universidade. Ademais, poida que as novas persoas que saian elixidas que teñan outras ideas sobre este área, polo tanto, non lle atopa sentido a estar discutindo isto neste momento.

A xerenta contesta que non se debería esperar máis tempo dilatando a situación actual sen darlle unha solución á Área TIC. O tema xa se trouxo anteriormente e non debe atrasarse máis, pero está de acordo en que é necesario.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 14:30h.

Asinada dixitalmente

A xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

O presidente da Xunta PTXAS

Carlos Mollinedo Lois